

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

### LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons  
Vicente Badenes  
Juan Manuel Corbacho  
Alberto Dafonte Gómez  
Ana Belén Fernández Souto  
David Formoso  
Silvia García Mirón  
Pedro Pablo Gutiérrez  
Jorge Lens Leiva  
Carmen Maiz Bar  
M<sup>a</sup> del Pilar Martínez Borrás  
Xabier Martínez Rolán  
M<sup>a</sup> Isabel Míguez  
Julinda Molares Cardoso  
Alberto Pena Rodríguez  
Paulino Pérez Feijoo  
Diana Ramahí  
José Rúas Araujo  
Emma Torres Romay

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Beatriz Legerén  
M<sup>a</sup> Isabel Moreira Recamán  
Román Pereiro Rodríguez-Lepina  
Montserrat Vázquez Gestal

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 3 de setembro de 2020, convocada para as 12.00 h en primeira convocatoria e as 12.30 h en segunda na Sala 20 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 3 de setembro de 2020, as 12: 30 h comeza a sesión ordinaria do Consello de Departamento, cos seguintes puntos na **orde do día**:

### 1.- Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 21 de maio de 2020 e das sesións extraordinarias do 5 de xuño de 2020 e do 3 de xullo de 2020.

Intervén o profesor Paulino Pérez Feijoo, que desexa facer unhas matizacións sobre a acta do 21 de maio. Quere que se modifique a alusión da súa intervención na páxina 4 da acta, na que se di que o artigo 26 ao que fai referencia o profesor non existe, e que se faga constar que cando el interveu na sesión o devandito artigo 26 estaba publicado tal coma el sinalou na páxina web e que despois da fin de semana desapareceu.

O profesor Alberto Dafonte intervén para dicir que na acta do 21 de maio, cando se di que a profesora Mabel Míguez pediu votación, xa que non está en contra de que se saquen prazas,

cree que en realidade o que pediu foi votación secreta, polo que solicita que sexa modificada a acta, incluíndo a palabra **secreta**.

A profesora Emma Torres ratifica as palabras de Alberto Dafonte.

O profesor José Rúas propón revisar a gravación da sesión do Consello de Departamento do 21 de maio para comprobar ese aspecto, e se é correcta a matización, incorporar a palabra á acta.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión ordinaria do 21 de maio, e se aproban as actas das sesións extraordinarias do 5 de xuño e do 6 de xullo.

## **2.-Informe do Director do Departamento.**

Toma a palabra o profesor Rúas para informar da renuncia da profesora Montserrat Vázquez Gestal como secretaria do departamento, a quen lle agradece o seu traballo e servizos prestados, e informar que na presente sesión redactará acta da mesma Pilar Martínez Borrás, PAS membro do departamento, á que agradece o traballo.

A continuación dálle a noraboa aos dos novos profesores acreditados como titulares, o profesor Dafonte e o profesor Martínez Rolán. Solicitaron información sobre a nova convocatoria de prazas, houbo unha anterior á súa acreditación e queda pendente unha nova convocatoria, tamén interesante para aqueles profesores que están en situación de profesores contratados interinos, Beatriz Legerén, Silvia García, Oswaldo García, Diana Ramahí...

Anuncia tamén a convocatoria de dúas bolsas de colaboración co departamento. Fala de buscar dous perfís: un de Publicidade e o outro de Comunicación Audiovisual.

Despois o profesor Rúas anuncia que antes da sesión se enviou a todos os docentes do departamento o link provisional á nova web do departamento e agradece ao profesor Jorge Lens o labor de facer as fotos a todos os integrantes do departamento.

A continuación cede a palabra ao informático que fixo a nova web, Abel Estévez, que toma a palabra, explicando que o link facilitado estará soamente operativo temporalmente e que espera que o vindeiro luns xa estea a ruta de sempre, unha vez que se fagan os traballos informáticos de migración necesarios.

Abel Estévez pasa a explicar a estrutura e funcionamento básico da nova web do departamento. Tras informar algúns profesores de incidencias nos seus perfís, o informático lles di que poden

mandarlle por email todas as incidencias ou modificacións referentes aos datos persoais ao enderezo electrónico [arinfo@uvigo.es](mailto:arinfo@uvigo.es). (fotos borrosas, teléfonos, enderezo electrónico, etc.). Polo que respecta a outras incidencias detectadas, o profesor Alberto Dafonte pide se é posible que os datos do curriculum investigador non se teñan que meter obrigatoriamente no SUXI e se podería facerse a través dunha fonte alternativa, xa que hai cosas que non contan en produción científica pero forman parte do currículo e el particularmente o que sabe que non lle van valorar como produción científica, non perde o tempo en metelo en SUXI e que ten outros perfís máis completos. O informático responde que hai unha alternativa xa que o SUXI lles permite meter o enlace á páxina web do grupo de investigación, polo que moitos grupos de investigación teñen actualizada a súa páxina web precisamente cos méritos que non meten no SUXI, entón pensa que a mellor opción é actualizar e automatizar, pois están preparando fíos para enviar do SUXI para as webs, o que vai vir moi ben para ter a información actualizada.

O profesor Rúas di que tampouco aparece a transferencia e o informático contesta que é algo que non lle corresponde a el.

O profesor Rúas agradece ao señor Estévez as súas explicacións.

### 3.- Asuntos de profesorado.

O profesor Rúas comunica a renuncia do profesor asociado Manuel López Torrente por xubilación con efectos do 31 de agosto, desexándolle unha boa etapa vital. Como consecuencia desta renuncia, quedan vacantes 120 horas de docencia (100 no primeiro cuadrimestre, e 20 no segundo cuadrimestre) polo que propón activar a lista de agarda. Xa hai 75 horas de docencia en 1º cuadrimestre. Informa de que dende o servizo de PDI contactarán cos candidatos da lista de agarda, que son os seguintes:

1. María Luz Álvarez Rodríguez
2. José Ángel Fernández Olgado
3. Xabier Abuín Pena

A praza de 75 horas sería un P5 e a praza de 120 horas sería un P4 anual.

### 4. Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas.

O profesor Rúas lembra respecto á convocatoria de bolsas de colaboración, que o prazo que establece a convocatoria é o 30 de setembro, e que en torno ao 20 de setembro habería que aprobar a proposta dos dous candidatos, e que será a Comisión Permanente do Departamento a

que valore aos candidatos que se presenten. Anima aos docentes a divulgar a devandita convocatoria entre os alumnos de último curso dos graos e 1º curso dos Mestrados.

Por último, o profesor Rúas lle da a benvida a todos neste novo curso académico, desexando que a docencia transcorra cos menores contratempos, debido á situación da pandemia e agradece a presenza á sesión.

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 13:10 horas.

Pontevedra, 3 de setembro de 2020

O director

José Rúas Araújo



A secretaria do Departamento  
(Por ausencia da titular)

María del Pilar Martínez Borrás